

### **Tarefas de Historia 4º da ESO para facer na semana do 18 ao 22 de maio.**

Ola estimados alumnoas: Vexo que algúns/as de vós non me enviáchedes nada de actividades. Pero que pasa? Non queredes subir as vosas notas? Veña, oh, que tampouco é para tanto o que mando. Creo. Quero que vos poñades un pouco serios, que xa non queda nada, dacordo? Pois iso:

**steinbeck72@gmail.com**

E agora imos coas activiades desta semana.

Imos comezar a estudar un novo tema, número 4: O Estado burgués e o Imperialismo.

Finalmente, e salvo algunha excepción salieñable (Imperio ruso), na segunda metade do século XIX todas as grandes potencias e países europeos, americanos e algún asiático (Xapón) foron aceptando o liberalismo e implantando reximes constitucionalistas. Iso sí, de tipo conservador, non progresista-democrático. Iso vai levar a que, como xa vimos no tema anterior, as clases populares comecen a organizarse e a reclamar polos seus dereitos sociais e, tamén, políticos. As mulleres, tamén empezan a coller conciencia de xénero.

Ben, imos logo a actuar do seguinte xeito:

- Copiaremos na nosa libreta o título do tema e faremos unha redacción co esquema da páxina 97.
- Faremos as actividades das páxinas 99 e 101 (1-6). Non é necesario que fagades as tarefas que impliquen buscar información en Internet, dacordo?

E xa está por esta semana, amigoas. Espero que sigades todoas ben e que vós animedes a mandarme as tarefas: insisto novamente. Unha forte aperta, saude e moito ánimo, campeóns!!!